


Roteiro

cultural 2015



IES Miraflores



Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

Organización: Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros, Servizo de Normalización Lingüística e IES Miraflores

Coordinación: Rosa García Vilariño do Departamento de Lingua e Literatura Galega do IES Miraflores, Biblioteca Central Rialeda e Servizo de Normalización Lingüística

Profesorado: Concepción Castro Higeldo do Departamento de Ciencias Sociais e Susana López González e Rosa M^a García Vilariño do Departamento de Lingua Galega e Literatura

Alumnado: Javier Rey, Guillermo Iglesias, Xoel Sixto, Juan Manuel Lorenzo, David Bergondo, Víctor Vázquez, Carlos Illanes, Joaquín Reiriz, Mario Cambre, Adrián Villadóniga, Fernando Matiz, Javier Carballeira, Miguel Correa, Irene Riveiro, Nicole Rial, Saúl Boquete, Marta Sanjuán, Marta Estrada, Paula Morandeira, Gonzalo Vizoso, Jimena Torremocha, Paula Ferraces, Brais Lago, Sara Núñez, Carlota Sánchez, Javier Fernández, Pedro Rodríguez, Roberto Blasco, Andrea González, Ángela Blanco e Olalla López de 1º de bacharelato (Curso 2014-2015)

Agradecementos a:

- José Luis Pena Rama e a Luis Pena García
- Isabel Bugallal e a súa familia
- Inés Babío Álvarez de Sotomayor e a súa familia
- Pompeyo Fernández Pérez, director xerente de Aspronaga
- Antonio Naya Sancho, director do centro Ricardo Baró

Deseño e maquetación: Departamento de Comunicación do Concello de Oleiros

Edición: Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros e Servizo de Normalización Lingüística



ROTEIRO CULTURAL E LITERARIO

2015



Pazo do Río

(Pazo onde veraneou o avogado e político Santiago Casares Quiroga)



Lamastelle

(Casa onde viviu o pintor Fernando Álvarez de Sotomayor)



Villa Isabel en Nós

(Residencia do xornalista José Luis Bugallal Marchesi)





ROTEIRO CULTURAL E LITERARIO

Santiago Casares Quiroga, o pazo do Río e villa Galicia en Montrove

Fernando Álvarez de Sotomayor en Lamastelle

José Luis Bugallal Marchesi e villa Isabel en Nós

Esta actividade organízase entre o Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais, o Servizo de Normalización Lingüística e o IES Miraflores.

Consiste no percorrido por distintos lugares do municipio nos que residiron diferentes persoas ilustres, como unha homenaxe a todas elas. Comezamos no pazo do Río, en Montrove, onde veraneou o avogado e político Santiago Casares Quiroga; despois trasladámonos a Lamastelle, localidade onde residiu o pintor Fernando Álvarez de Sotomayor; para finalizar en Nós, en villa Isabel, casa onde viviu o xornalista José Luis Bugallal Marchesi.

Os obxectivos que se pretenden conseguir son:

- Dar a coñecer diferentes persoas ilustres que residiron no Concello de Oleiros.
- Mellorar o coñecemento do patrimonio e diferentes espazos do termo municipal de Oleiros.
- Promover a lectura.


“ París, 14 de abril de 1947

Mi querida Vitola:

Acabo de recibir tu carta del jueves, 10. Sin que tú te lo hayas propuesto, y sólo por circunstancias fortuitas del correo, llega ella a mis manos en el aniversario de la proclamación de la fenecida República, y a la hora en que yo, hace ya la friolera de 16 años, corría por las carreteras de Castilla, en el automóvil de Senra, para llegar a tiempo al triunfo -que yo, con fe ciega, consideraba como seguro- de un ideal perseguido tenazmente durante dos generaciones...”

Carta de Santiago Casares Quiroga á súa filla María Casares.

En: CASARES QUIROGA, Santiago e CASARES, María. **Cartas no exilio: correspondencia entre Santiago Casares Quiroga e María Casares (1946-1949)**. [Edición de] María Lopo. A Coruña: Baía, 2008. Páx. 54





Santiago Casares, “Casaritos” amosa na súa personalidade virtudes, defectos e características propias da burguesía ilustrada, republicana, laica e masona da sociedade coruñesa do primeiro terzo do século XX.

“Santiaguíño” naceu o 8 de maio de 1884 na Coruña. É fillo de don Santiago Casares Paz, avogado e administrador de éxito e con boa sona entre os seus veciños. Casares Paz era republicano, anticlerical e chegou a ser concelleiro da súa cidade. A nai, dona Rogelia Quiroga Moreda tivo nove fillos, e todos morreron prematuramente agás Santiago, quen malia a súa resistencia, non se vai librar da tuberculose que o vai acompañar desde os cinco anos.

Á hora da súa formación recibe as primeiras clases no seu domicilio, sito na rúa de Panaderas, máis tarde acode ao colexio Dequit, ingresa na Escola de Comercio e prepara o

grao de bacharelato do que se vai examinar en 1900 no instituto Eusebio da Guarda, e en 1905 obtén o título. Mentres tanto, grazas aos recursos familiares, viaxa frecuentemente a Suíza para tratar a tuberculose e de paso aprende idiomas. Durante unha das súas estadias en 1903 chégalle a noticia da morte do seu irmán maior, Arturo Casares, a quen tanto admiraba e quería e a quen A Coruña renderá sentido homenaxe e dó.

Encamiñado como o irmán máis vello e como o seu pai cara aos estudos de Dereito, Santiago Casares vains comezar en Compostela, pero aos dous anos trasládase a Madrid cuxo clima lle é máis favorable. Estuda por libre na facultade madrileña, realiza a tese de doutoramento sobre don Ramón de la Sagra e goza da vida cultural e política do momento. Ademais do seu interese polo teatro, faladoiros e mitins do Ateneo onde coñecerá a Manuel Azaña, posúe os recursos necesarios para acceder a

libros, música, viaxes continuas e, como diríamos hoxe, marca tendencia na súa aparencia e modos que o configuran como un auténtico “dandi” cosmopolita. Ademais de todas estas características, a súa estadía madrileña fará del un pai solteiro, pois dos amores coa dona da pensión terá unha filla, que nace en 1910 e trae consigo á Coruña, á casa paterna. Así ao remate do curso de 1910, Santiago Casares regresa co seu título de licenciado en Dereito e cunha filla, que acaba de nacer, que se vai chamar Esther Casares.

A partir de 1910, Santiago Casares dedícase de cheo á vida social, cultural e política de Coruña e Galicia e ao seu oficio de avogado. Os preitos nos que intervén fano enormemente popular e moitas das súas causas son altruístas, na defensa de sindicalistas, procesos da Restauración ou xuízos debidos á Ditadura de Primo de Rivera. Colabora co seu pai no traballo de administración de



Caricatura de Santiago Casares Quiroga realizada por Cebreiro

fincas e seguros e mantén o seu despacho no coñecido domicilio da rúa Panaderas (A Coruña). Desempeña o cargo como concelleiro coruñés desde 1911 ata 1917, posúe participacións do xornal *Tierra Gallega*, e comparte negocios coa familia Wonenburger o que lle vai achegar importantes beneficios grazas á construción do Hotel Atlántico no paseo de Méndez Núñez.

En canto á vida persoal, Casares precisa coidar a súa saúde. Viaxa a centros de saúde ou balnearios tanto en Suíza coma en Francia e isto vai ser así ao longo da súa vida. Na Coruña desde 1915 mocea cunha rapaza coruñesa, modista, filla de solteira, que en 1920 converterase na súa esposa. Gloria Pérez de Casares ten admirada á sociedade coruñesa pola súa beleza, estilo e saber estar. Esta é outra ocasión na que Santiago Casares rompe os esquemas tradicionais da burguesía coruñesa pois á condición de pai solteiro, suma agora un casamento desigual.

O 25 de outubro de 1920 a parella contrae matrimonio e o 21 de novembro de 1922 nace M^a Victoria Casares, Vitola e Vitoliña para a súa familia, e para o mundo María Casares, actriz internacional.



María Casares, filla de Casares Quiroga

Agora á nova familia súmase a filla máis vella, Esther conta con 12 anos e regresa do seu internado francés. A vida familiar, a crianza, as lecturas, os conflitos matrimoniais, a vida política e o exilio da familia Casares



Casares Quiroga coa súa filla María

están fermosamente contadas no libro *Residente Privilegiada*, onde a actriz María Casares vai deitando valiosísimos datos para un mellor e íntimo coñecemento do seu pai e dela mesma.

En Santiago Casares o compromiso político é constante e obsesivo. Nestes anos e mesmo durante a ditadura de Primo de Rivera traballa a prol da formación de ORGA, partido republicano e de esquerdas, que vai fundar en 1929. A continuación forma parte do comité revolucionario que apoia o levantamento frustrado de Jaca, e acaba encarcerado na Modelo, onde a súa tuberculose se agrava. Tras o consello de guerra, chega á Coruña o 28 de marzo de 1930 e recíbeo unha multitude que o leva ao cabalete desde a estación de ferrocarril á súa casa da rúa Panaderas.

Para a convocatoria de eleccións en 1931 consegue atraer a personalidades galeguistas

tan importantes na Coruña como Villar Ponte e Suárez Picallo que co novo partido por el alentado, ORGA-*Organización Republicana Gallega*- conseguen 17 escanos dos 44 para Galicia. O obxectivo político de Casares, malia a súa participación en *Solidaridad Gallega*, consiste no establecemento dunha república democrática e todos os demais temas, mesmo o autonomismo considéraos secundarios. Esta posición vaille carrexar as dúbidas e mesmo as críticas do propio Castelao e outros galeguistas, que se ben nun inicio se unirán a el en ORGA, acabarán abandonándoo. En 1932 crea o Partido Republicano Gallego e sairá elixido en 1933, deputado ás Cortes pola Coruña, finalmente integrárase na *Izquierda Republicana*, que preside Manuel Azaña.

Mentres tanto os acontecementos político-sociais precipítanse e coa proclamación da República, Casares vai unir o seu porvir e compromiso político a Manuel Azaña con

quen mantén desde hai tempo unha firme amizade e acaba aceptando sucesivos cargos de goberno, que o levarán a ser ministro de Marina, de Gobernación e presidente do Goberno como máis importantes. A familia trasládase a Madrid pero as cargas e responsabilidades políticas fan de Casares un esposo e pai ausente. Dunha parte as dificultades da República por atopar un camiño democrático para o país son cada día maiores debido ás sucesivas radicalizacións de extrema dereita e esquerda, que non axudan á súa estabilidade e todo vai acabar nun dos máis graves e cruentos conflitos civís do século pasado. No nivel familiar a separación e as infidelidades arrefrían o matrimonio que porén, vaise manter unido ata o exilio.

A handwritten signature in red ink, which appears to be "Manuel Azaña". The signature is written in a cursive, flowing style with a long horizontal stroke at the end.

Durante os cinco anos nos que exerce de ministro, Casares gozará os meses de agosto da súa estancia en Oleiros, primeiro no pazo do Río e despois en villa Galicia en Montrove. A súa muller, Gloria, e as fillas Esther e Vitola adiantan sempre as súas vacacións e agardan pola súa presenza. Ademais o matrimonio fai vida social e é convidado polos seus veciños como os señores Latorre, que pasan o verán no pazo Miraflores, ou como



Pazo do Río

os amigos de partido Ramón M^a Tenreiro, irmán do arquitecto Tenreiro, que pasaba o verán en Pontedeume.

O golpe militar do verán de 1936 remata coa República e con calquera esperanza de vida democrática. Galicia desde os inicios queda entregada ao bando sublevado e as represalias e persecucións forman parte da vida ordinaria. A casa de Panaderas é espoliada e os libros da súa biblioteca persoal, máis de 10.000 volumes, estragados e abandonados durante anos. Tamén villa Galicia é asaltada causando grande quebranto a Cándida Arizaga, viúva de Arturo Casares, que caeu desde o segundo piso. En Bañobre atopábanse de vacacións Esther coa súa filla e única neta de Casares, que van ser separadas e Esther recluída. O xenro, Enrique Varela ponse a salvo e agardará 20 anos en México polo reencontro coa súa muller. O franquismo vainas ter en vixilancia domiciliaria e sen pasaporte ata 1955. Fillas e neta van vivir da axuda clandestina



Villa Galicia

de amigos e van padecer desde o seu piso da rúa da Franxa, o desprezo da xente do réxime. Polo que xa desde 1936, filla e pai nunca máis se verán.

Ábrese agora a etapa do exilio, que malia as súas dificultades fará posible reunir o resto da familia, aínda que a todos estes sensabores sumarase a invasión nazi en Francia. En outubro de 1936, Gloria Pérez e María Casares instálanse en París, e Santiago Casares abandona España o 6 de febreiro de 1939, o seu estado de saúde é tan grave que vai descansar a Suíza acompañado pola filla. Ante a invasión nazi, prodúcese unha nova fuxida, Santiago Casares consegue embarcar cara a Londres grazas aos desvelos de Juan Negrín, mentres as dúas mulleres pasarán o outono de 1940 no sur de Francia. O desterro londinense dura cinco anos e regresa a París en xullo de 1945.

Seguidamente, en apenas un ano, morre Gloria Pérez o 13 de xaneiro de 1946 e entérrase en

Montparnase, o mesmo lugar onde, en 1950, repousarán os restos do seu home.

Santiago Casares sempre doente, unhas veces encamado e outras amarrado ás bombonas de osíxeno vive a carón da súa filla máis nova. Desde París intenta comunicarse e axudarlle a Esther, pero os intentos son baldíos. A carón de María goza dos seus éxitos teatrais e cinematográficos. Cando María Casares falta por mor do seu traballo, o pai escíbelle longas e emotivas cartas literarias. A súa vida apagarase o 23 de decembro de 1950.

O Concello de Oleiros garda a súa memoria na rúa que leva o seu nome, na parroquia de Liáns. Tamén, o instituto de secundaria da avenida Che Guevara, loce o nome da súa filla María Casares, xuntamente cunha rúa no centro de Santa Cruz.



Casares Quiroga

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- ALFEIRÁN, Xosé. “*Casares Quiroga expoliado*”. En: *La Voz de Galicia* 23/03/2014 [en liña][Consulta: 10/03/15]. Disponible en: <http://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/2014/03/23/casares-quiroya-expoliado/>
- CASARES, María. *Residente privilexiada*. Iñás (Oleiros): Trifolium, 2009
- CASARES QUIROGA, Santiago e CASARES, María. *Cartas no exilio: correspondencia entre Santiago Casares Quiroga e María Casares (1946-1949)*. [Edición de] María Lopo. A Coruña: Baía, 2008
- “*El Colegio de Abogados desvela que nunca llegó a expulsar a Casares Quiroga*”. En: *La Voz de Galicia* 03/05/2014 [en liña][Consulta: 10/03/2015]. Disponible en: http://www.lavozdegalicia.es/coruna/2014/05/03/0003_201405H3C10993.htm
- *Diciopedia do século 21*. [Vigo]: Galaxia / Edicións do Castro, 2007. T. 1, páx. 451
- *Enciclopedia Galega Universal*. Vigo: Ir Indo, D.L. 1999. T. 5, páx.16
- “*Encuentran en los juzgados de A Coruña el expediente de la Guerra Civil de incautación de bienes de Casares Quiroga*”. En: *Europapress* 15/03/2014 [en liña] [Consulta: 10/03/15]. Disponible en: <http://www.europapress.es/cultura/exposiciones-00131/noticia-encuentran-juzgados-coruna-expediente-guerra-civil-incautacion-bienes-casares-quiroya-20140315123152.html>

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos. *Casares Quiroga: una pasión republicana*. Sada: Ediciós do Castro, D.L. 2000
- *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*. Lugo: El Progreso / Diario de Pontevedra, D.L. 2003. T. 8, páx. 142-144
- PÁRAMO CASAS, Andrés. “*Casares Quiroga o el compromiso republicano*”. En: *Cuadernos republicanos*. Madrid: Centro de Investigación y Estudios Republicanos, 2005. N° 58, páx. 107-118. Disponible en:
<http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1180912>
- PARRILLA, José Antonio. *Casares Quiroga y La Coruña de su época 1900-1936*. La Coruña: Ayuntamiento de La Coruña, 1995
- POUSA, Luís. “*El jardín cerrado de Vitoliña*”. En: *La Voz de Galicia* 08/03/2014 [en liña][Consulta:10/03/15] Disponible en:
<http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/coruna/2014/03/08/jardin-cerrado-vitolina/>
- REDONDO ABAL, Francisco Xavier. “*A pillaxe da biblioteca de Santiago Casares Quiroga: un exemplo de incautación dunha biblioteca privada*”. En: *A trabe de ouro*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2007. T. 1, ano XVIII., páx. 73-85

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- ***Santiago Casares Quiroga. En:*** Museo Virtual de la Masonería [en liña][Consulta 10/03/2015]. Disponible en:
http://www.uned.es/dptohdi/museovirtualhistoriamasoneria/5historia_masoneria_espana/santiago%20casares.htm
- ***Santiago Casares Quiroga, la forja de un líder.*** Edición de Emilio Grandío Seoane e Joaquín Roderó. Madrid: Eneida, 2011




“Entonces tuve la sorpresa de encontrarme en el pueblo en donde vi la luz. Al despertarse leves recuerdos de mi niñez, lo vi todo y pude apreciar, sin prejuicios, las bellezas no sólo de la exuberante naturaleza sino el carácter de la raza. Había pasado anteriormente una larga temporada en Flandes y encontré tales semejanzas en ciertas costumbres populares y aún caracteres de raza que quedé sorprendido. Las foliadas y las quermeses se parecían. Eran los tiempos en que el paisano vestía aquella pintoresca y maravillosa indumentaria. Busqué el tipo celta, que es absolutamente diferencial del resto de España: colores nórdicos, frente azulada, mejillas encendidas, tonos finos, ojos azules, pómulos salientes, y todas las características que yo he tratado de buscar y reproducir en mis cuadros. Entonces me hice de verdad gallego.”



“Autobiografía confidencial: Fernando Álvarez de Sotomayor”.

En: **Vida Gallega**. Vigo, nº 754, xaneiro 1960





ernando Álvarez de Sotomayor amosa xa desde os apelidos a pegada dunha liñaxe fidalga que conforma e desenvolve a súa vida. Esta orixe social vai configurar a súa personalidade e tamén a súa obra.

Os seus pais son Pedro Álvarez de Sotomayor y Flores e dona María de la Asunción de Zaragoza y Núñez del Pino. Fernando Álvarez de Sotomayor nace o 25 de setembro de 1875 en Ferrol, onde o pai é destinado pola súa profesión de tenente Navío da Armada, mais a súbita morte do cabeza de familia cando o pintor ten catro anos, vainos deixar en moi precaria situación. A súa nai aos 28 anos de idade queda viúva e con tres fillos, José de cinco anos, Fernando de catro e Francisco de dous. Estas circunstancias obrigan ao traslado a Madrid.

Na capital do Estado comeza os estudos de bacharelato que vai rematar en Toledo, onde

a familia se atopa en 1887. Xa desde este tempo vese a súa inclinación e boas aptitudes para pintar e debuxar, mais a familia desexa que realice estudos universitarios. Despois de intentar Enxeñería de Camiños, Dereito e Filosofía e Letras para finalmente abandonar, consegue que triúnfese a súa vocación e asiste a clases con don Manuel Domínguez Sánchez, reputado pintor historicista e matricúlase na Escola de Pintura, Escultura e Gravado de Madrid. Entre 1895 e 1899 está dedicado á aprendizaxe e ao estudo e aínda que presenta cadros á Exposición Nacional de Belas Artes nos anos 1895 e 1897, pasa desapercibido.

A oportunidade e o comezo do éxito para a súa formación chegaranlle coa bolsa que consegue para estudar en Roma entre os anos 1899 e 1904. Desde Italia visita Nápoles, Pompeya, Venecia, París, Bruxas, A Haya e Ámsterdam. Este período de formación élle fundamental e posiciona xa a súa estética

e concepción pictórica que vai desenvolver ao longo da súa produción. Así a mitoloxía, a composición no cadro e os retratos en espazos interiores van ser as súas características. Os grandes mestres para Sotomayor son Velázquez, Rembrandt e sobre todo Fran Hals, pintor do Renacemento holandés cuxos cadros coñece e admira en Ámsterdam.

En 1905 prodúcese unha viaxe a Galicia por mor do casamento de seu irmán Francisco. Este acontecemento é substancial na súa vida. Primeiramente, vai coñecer a súa esposa Pilar Castro Gómez e en segundo lugar, redescubrirá Galicia, a súa terra, ata agora acochada nos catro anos de infancia e nunca revisitada, nin revivida. Desde este momento, Galicia formará parte da súa temática e espléndida creación.

Unha vez casado e ante a falta de encargos e perspectivas vai aceptar unha oferta de traballo que o leva a Chile. Primeiro encár-

gase da praza de profesor de Colorido e Composición na Escola de Belas Artes de



A muller do pintor

Santiago de Chile e máis tarde chega a ser nomeado director desta. Durante a estadia chilena que comprende desde 1908 a 1915, pinta retratos para a alta burguesía, realiza un gran labor de mutuo coñecemento sobre as tendencias pictóricas entre un e outro país e, o máis importante, deixa a súa pegada en toda unha xeración de pintores da Escola de Belas Artes chilena cuxo nome será o de Xeración de 1913 ou Xeración Sotomayor.

De regreso a Madrid, o seu éxito chileno así como a participación en diferentes exposicións de Arte Galega tanto na Coruña en 1912, como en Madrid, onde obtén moi boas críticas dos cadros *“Bergantiñáns”*, *“Aldeáns galegos”*, *“Retrato da miña nai”* e *“O rapto de Europa”*, vanlle abrir as portas da sociedade española. As aptitudes de Sotomayor como retratista son excelentes, acada un enorme éxito o que por fin lle vai reportar unha vida sen aperturas económicas. Paulatinamente, vaise converter no retratista por

excelencia e mesmo pintor da Corte, el, que por outra parte sente e vive amigablemente o réxime monárquico. Son retratos dignos de mención o realizado ao rei Afonso XIII, á raíña Victoria Eugenia, a dona Cayetana, duquesa de Alba, a don Pedro Barrié de La Maza, ao escritor Fernández Flórez, á marquesa de Salinas, ao conde de Gamazo e un longuísimos etcétera. Porén ao compararmos os retratos de encargo con aqueles outros máis persoais coma os familiares -á muller, ás fillas- ou coma os modelos realistas que escolle para as súas composicións, estes cadros acollen un maior dinamismo, unha pincelada solta e viva e unha ollada de maior calado psicolóxico que aqueloutros que lle deron maior sona.

En canto á temática costumista, que agroma con pulo desde o seu descubrimento de Galicia, Sotomayor deita a súa ollada de pintor clásico, ademais da súa excelencia no retrato co importante dominio da composición para

traballar na temática rexionalista onde predominan a paisanaxe galega e momentos da vida cotiá en oficios, labores e tamén festiva con romarías, foliadas, procesións, vodas, xantares etc. A produción é extensa e vai manter esta temática ao longo de toda a súa vida. Os títulos dos cadros resultan significativos “*A moza do pano encarnado*”, “*Parolando*”, “*Parella de galegos*”, “*Mociña*”... Mais entre todas elas, a peza mestra así valorada pola crítica é a coñecida “*Comida de voda en Bergantiños*”. Aquí o pintor leva á excelencia os seus recursos compositivos na preparación da escena, na ambientación do interior de plena influencia holandesa, as propias viandas a xeito de bodegón na mesa, as vestiduras dos homes e os panos rameados, vistosos e encarnados nos toucados das mulleres, abraian ao espectador. No seu achegamento ao retrato costumista, Sotomayor ennobrece e idealiza os protagonistas do cadro, amosa a súa sim-

patía e realiza o mesmo tratamento coma se formasen parte da aristocracia. Tense comparado os seus personaxes cos da escritora Emilia Pardo Bazán, mais a autora coruñesa adopta unha ollada naturalista da que Sotomayor carece.



Comida de voda en Bergantiños

Desde o seu regreso de Chile, Sotomayor instálase definitivamente en Madrid e non só mantén contacto con Galicia, senón que vén pasar os veráns á súa terra. Primeiro no pazo de Mende en Vilasantar, máis tarde en Lamastelle (Oleiros) e finalmente, no pazo de Sergude na Ponteceso pondaliana.

Da estadía en Lamastelle arredor dos anos 20, fai constancia e crónica o periodista oleirense José Luis Bugallal Marchesi, recollida en fotografías publicadas en Vida Gallega, en xaneiro de 1921, como na reportaxe do seu encontro e do coñecemento do



Casa onde viviu o pintor Fernando Álvarez de Sotomayor



Familia de Fernando Álvarez de Sotomayor en Lamastelle

pintor no xornal ABC, o 5 de abril de 1960. Por el sabemos que o faiado da casa era o estudo, e que alí se pintaron os cadros titulados “*Foliada*” ou “*Festa galega*”, “*Procesión da Virxe da Franqueira*” e

“*Mulleriñas*” que leva tamén o título de “*Paisanas*” e que o pintor regalou ao Concello de Ferrol. Estas estadias oleirenses permítenlle participar nas importantes exposicións de arte galega que se van celebrar na Coruña en 1917 e 1923. Na segunda delas participan tamén Castelao, Corredoira, Sobrino, Asorey e Lloréns contando para a súa apertura coa presenza da Condesa de



Foliada ou Festa galega

Pardo Bazán. E no ano 1923 acompañan a Sotomayor na organización da exposición importantes persoeiros e artistas como Seijo Rubio, Ángel Castillo, Antonio Palacios e Rafael González Villar.

Celebrado e recoñecido xa como importante pintor e artista, en 1919 vai ser designado subdirector do Museo do Prado e máis tarde, ocupou o cargo de director nun período que abrangue desde 1922 a 1931. A proclamación nese ano da República cólleo nunha viaxe na capital londinense e, non sentíndose partícipe desta, presenta a renuncia e a familia trasládase a Lamastelle. Comeza así un novo período entre 1931 e 1936, no que se dedica fundamentalmente a pintar e a viaxar, arredado de calquera cargo de responsabilidade pública. Pinta numerosos cadros, a maioría de temática galega “*A Santiña*”, “*Costureira*”, e produto das excursións a Vigo e A Guarda van ser os de ambientación mariñeira como “*Peixeira con merluza*”,

“*Pescantinas do Berbés*” etc. Coa chegada da República escasean os encargos de retratos e en 1932 viaxa a París onde prepara e presenta unha exposición na Sala Charpentier con 18 cadros de tema costumista galego e quince retratos o que lle vai supor un importante éxito de críticas, de vendas e encargos. Outro tanto sucedeu coa exposición que en outubro do mesmo ano realizou en Bos Aires.

As noticias do golpe de Estado de 1936 recíbeas en Lamastelle. Colabora na Presidencia da Comisión Provincial de Monumentos Históricos da Coruña, tamén como voluntario para cooperar nos organismos de axuda para o exército, e durante uns meses vai exercer de alcalde na Coruña. Tamén foi presidente honorario da Real Academia Galega de Belas Artes.

Finalmente acepta o nomeamento de director do Museo do Prado, cargo que exercerá desde 1939 a 1960, e como tal encárgase do traslado

das grandes obras deste, que foran gardadas e custodiadas pola República ante o temor dos bombardeos franquistas sobre Madrid. Volve ser o retratista oficial da alta sociedade española, non abandonou nunca a pintura e tampouco a temática costumista galega, á que aínda achegou importantes cadros. Mantivo sempre as súas características plásticas sen abrirse aos novos camiños e concepcións que triunfaban en Europa e agromaban tamén en España. Recibiu todos os honores e homenaxes en vida e morreu repentinamente un 17 de marzo de 1960 sen ter abandonado a tarefa creativa.

Hoxe en día a obra pictórica de Sotomayor dedicada á terra en paisaxe, personaxes e costumes conforma un período clásico inesquecible e fundamental da nosa historia da arte.

A red ink signature, likely of the artist A. Sotomayor, written in a cursive style. The signature is positioned below the text and is underlined with a single red stroke.

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- **“Autobiografía confidencial: Fernando Álvarez de Sotomayor”**. En: *Vida Gallega*. Vigo, nº 754, xaneiro 1960
- **ÁLVAREZ de SOTOMAYOR, Fernando. *Fernando Álvarez de Sotomayor (1875 - 1960): [exposición] Museo de Belas Artes da Coruña, outubro - novembro 98 [e] Centro Cultural Caixavigo, decembro 98 - xaneiro 99***. X. Textos de Antón Castro et al. [Santiago de Compostela]: Dirección Xeral de Promoción Cultural, [1998]
- **Álvarez de Sotomayor y Zaragoza, Fernando**. En: *Museo Nacional del Prado* [en liña][Consulta: 10/03/2015]. Dispoñible en: <https://www.museodelprado.es/enciclopedia/enciclopedia-on-line/voz/alvarez-de-sotomayor-y-zaragoza-fernando/>
- **Álvarez de Sotomayor y Zaragoza, Fernando**. En: *Abanca, colección de arte* [en liña] [Consulta: 10/03/2015]. Dispoñible en: <http://coleccion.abanca.com/es/Coleccion-de-arte/Artistas/ci.Fernando-Alvarez-de-Sotomayor-y-Zaragoza.formato7>
- **“Álvarez de Sotomayor, Fernando”**. En: *Museo de Belas Artes da Coruña* [en liña] [Consulta: 10/03/2015]. Dispoñible en: <http://museobelasartescoruna.xunta.es/index.php?id=392&ida=3939>
- **Artistas galegos. Pintores**. Editado por Carlos del Pulgar Sabín. Vigo: Nova Galicia Edicións, D.L. 1997. Vol. 3: rexionalismo I. Páx. 18-62

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- BUGALLAL MARCHESI, José Luis. *Fernando Álvarez de Sotomayor*. En: *Boletín da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega, 1961. N° 339-344, páx. 301-304. Dispoñible en: <http://www.realacademiagalega.org/boletins#paxinas.do?id=1491>
- BUGALLAL MARCHESI, José Luis. *Sotomayor en Galicia*. En: *ABC* 05/04/1960 [en liña][Consulta: 10/03/2015]. Dispoñible en: <http://hemeroteca.abc.es/nav/Navigate.exe/hemeroteca/sevilla/abc.sevilla/1960/04/05/005.html>
- *Diciopedia do século 21*. [Vigo]: Galaxia / Ediciós do Castro, 2007. T. 1, páx. 112
- *Enciclopedia Galega Universal*. Vigo: Ir Indo, D.L. 1999. T. 1, páx. 98-99
- *Fernando A. de Sotomayor*. Coordinación José Carlos Valle Pérez. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]
- *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*. Lugo: El Progreso / Diario de Pontevedra, D.L. 2003. T. 2, páx. 171-172
- *“Hablan los descendientes: José Álvarez de Sotomayor”*. En: *El Mundo* [en liña][Consulta: 10/03/2015]. Dispoñible en: <http://www.elmundo.es/larevista/num114/textos/descen2.html>
- BUGALLAL MARCHESI, José Luis, fotografías. *Nuestros pintores: Fernando A. de Sotomayor, en Galicia*. En: *Vida Gallega*. Vigo, n° 162, 5 de xaneiro de 1921

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- PABLOS, Francisco. *A Pintura en Galicia: do XVII ás últimas tendencias = La pintura en Galicia: del XVII a las últimas tendencias*. Vigo: Nigra Trea, 2003. Páx. 56-62
- PABLOS, Francisco. *Pintores gallegos del novecientos*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1981. Páx. 84-95
- “*La pintura del siglo XX: los pintores del 98: la generación de 1870*”. En: *Enciclopedia temática de Galicia*. Barcelona: Nauta, 1988. Vol. 5, páx. 185-192
- REY PÉREZ, Ana. *La II República en Oleiros*. Santiago de Compostela: Auga Editora, [2011]. Páx. 57-59
- ZAMORANO PÉREZ, Pedro Emilio. *El pintor F. Álvarez de Sotomayor y su huella en América*. La Coruña: Universidade da Coruña, Servicio de Publicacións, D.L. 1994






Finca en Lamastelle onde estaba situada a casa do pintor

“Nueve Oleiros hay en Galicia y sólo uno goza del privilegio de tener litoral, de sentir en invierno los abrazos del océano y en verano la caricia de la espuma. De ser tierra y también mar...”

ARAUJO, Mariano [Pseudónimo de José Luis Bugallal Marchesi]
“Oleiros: una bendición de Dios”. En: ABC 27/07/1971



J

osé Luis Bugallal y Marchesi nace na Coruña o 18 de setembro de 1899. Os seus pais son Isidoro Bugallal Araújo e Pilar Marchesi Buhigas, ambos descendentes de familias moi coñecidas na Coruña. Por unha parte Isidoro Bugallal, ademais de xornalista e avogado, vai ser deputado en diferentes lexislaturas 1903-1917 polo Partido Conservador, tanto por Pontevedra coma por Ourense. A isto engádesse que o seu tío, Gabino Bugallal, foi ministro en diferentes carteiras nos anos 1902, 1913, 1917, 1919, 1920 e no ano 1931, cando se proclamou a Segunda República, ministro de Economía. Pola liña materna, a súa nai é filla de José Marchesi y Dalmau, alcalde coruñés en 1890 e en 1893. José Luis Bugallal responde a esta tradición familiar e encamiñase cara ao estudo de Dereito e vai recibir unha formación conforme á tradición e recursos familiares.

Así os seus estudos primarios recíbeos no colexio alemán de Madrid, fundado en 1896 e seguidamente matricúlase no Colexio dos Padres Xesuítas da mesma capital. En 1916 xa co graduado de bacharelato, trasládase a Suíza para aprender idiomas, e queda interno no Lyceum Alpinum de Zuoz (Suíza), ata que regresa en 1917. Os estudos universitarios de Dereito transcorren os tres primeiros en Deusto para rematar en Santiago de Compostela en 1923.

A saída profesional oriéntase cara ao xornalismo. Xa en 1923 escribe por vez pri-



meira na revista coruñesa *Marineda*, revista semanal ilustrada, con crónicas deportivas.

En 1927 publica *El coloso de Rande*, novela na que manifesta a súa grande afección polo fútbol e que emprega Bugallal para dedicár-llela a todos os futbolistas que nos anos 20 adquiriron gran sona e recoñecemento. Esta vocación de xornalista deportivo vaina manter ao longo de toda a súa vida, pois chegou a ser director do semanario *Balón*, que desde 1932 se publicaba co periódico *Adelante*, xornal republicano conservador, que remata a súa tiraxe en 1936.

A súa rúbrica vaise facer presente tamén no *Faro de Vigo*, *Vida Gallega* e nos xornais coruñeses *El Orzán*, *Galicia Gráfica*, *Stadium* e *El Ideal Gallego*. Neste último dirixe

José Luis Bugallal

a sección de deportes cuxas crónicas ou reportaxes deportivas asinaba baixo o pseudónimo de Marathon. No mesmo xornal asina como Corzanes unha sección fixa denominada *Buenos días* con novas de tipo local que despois pasou a titularse *Glosas breves*. Ademais dos pseudónimos xa citados son artigos da súa autoría os asinados como Pascual Montes, Olimpo, Ventureira, Sargento Mochila, Glauco, Cascarilla e Rabanal.



Bugallal Marchesi no estadio de Riazor

Mentres tanto a carreira xornalística ábrese con outros horizontes e José Luis Bugallal trata temas moi variados, que o van converter nun xornalista polifacético.

Entre os anos 1931 e 1943 traballa fundamentalmente no *Ideal Gallego* e a partir de 1940 comeza a súa colaboración como crítico de arte. A isto engádense o nomeamento de redactor para “*La Hoja del Lunes*” e a correspondencia de Galicia para o periódico madrileño *ABC*. Este cargo exercido durante máis de corenta anos no xornal madrileño vaille achegar moitas satisfaccións persoais e premios periodísticos. Así na sección *Crónicas del Verano* do dito periódico publica *Oleiros: una bendición de Dios* que resulta premiado polo propio Concello e tamén o artigo dedicado a Pontedeume e publicado no mesmo xornal baixo o título *Pontedeume, vergel de Galicia*, que acada o premio desa localidade.



● **OLEIROS: UNA BENDICIÓN DE DIOS**
Nueve Oleiros hay en Galicia y son todos los de España. Nadie sin embargo, ose afirmar que no hay más Oleiros en el mundo. Porque en la Pampa, en el Chaco y hasta en las selvas del alto Amazonas puede existir algún

perdido Oleiros ignorante de su origen, pero de indiscutible fundación gallega.

Nueve Oleiros hay en Galicia y sólo uno goza del privilegio de tener litoral, de sentir en invierno los abrazos del océano y en verano la caricia de la espuma. De ser tierra y también mar.

Este Oleiros, con topónimo de inmemorial artesanía que pervive, es políticamente -porque su naturaleza desborda los límites marcados por la administración- el término municipal del partido judicial de La Coruña que linda con los de Sada, Bergondo y Cambre y con ese mar verde-celta que es el puerto magno de los Artabros, al que abre los regazos de sus playas y lanza la punta granítica del Seixo Branco, del que es aviso y recelo de navegantes el peñasco de La Marola, con su leyenda de ingenua consonancia marinera: “Quien pasó La Marola, pasó la mar toda”.

Y si hay nueve Oleiros en Galicia, este Oleiros de la Mariña de los Freires, la que fue señorío de frailes templarios antes de serlo de los condes de Lemos, tiene nueve parroquias de agreste y eufónico nombre y de celestial patrocinio: Santa María de Oleiros, Santa María de Dexo, Santa Leocadia de Perillo, Santaia de Liáns, San Martiño de Dorneda, San Cosme de Mayanca, San Xíán de Serantes, San Pedro de Nós y San Xurxo de Iñás.

Y este Oleiros de la Mariña es una supervivencia concentrada del paraíso de nuestros primeros padres con su mismo milagro de milagros: el milagro de un suelo blando y ubérrimo; el de una vegetación que hermana a todas las especies; el de un tesoro nutricio que brota espontáneamente de la tierra y del mar; el de un clima ni gélido en el invierno ni ardiente en el estío; el de las suaves montuosidades que forman su respaldo y son atalayas de uno de los más fascinadores paisajes que ojos humanos puedan contem-

plar: la ría de La Coruña, la ciudad, que desde allí -vuelvo a decirlo- "tiene la gracia de una sirena tendida en las ondas para recibir la caricia del sol", y detrás, el océano.

Y en los días claros son tres paisajes distintos de una misma naturaleza: el de la mañana, luminoso de perfiles puros y colores intactos; el del atardecer, en que el horizonte es resplandor astral y el Sol se sumerge en el Atlántico, y el de la noche, cuando La Coruña, de punta a punta, enciende la mirada de sus luces palpitantes, reflejadas en el espejo de la bahía, y es como si allí, en la etapa última de su camino a Santiago, hubiese querido reposar la Vía Láctea.

Pero antes que ese fondo de mar y cielo está Oleiros. Oleiros, fecundo en recios hombres y sufridas mujeres que hacen aflorar las riquezas de su tierra y de su mar; Oleiros de los altos y apretados pinares y los castañedos opulentos y asombrosos, y los trigales y los

maizales que ponen su oro viejo de agosto en los jugosos verdes infinitos, y los campos de labor, donde el cultivo baja, entre regatos, hasta las mismas rocas del litoral... Oleiros de las casonas señoriales, como la de los condes de Maceda y San Román, en Xaz, honrada con la visita de los Reyes, el Príncipe de Asturias y los Infantes de España.

Y si hay nueve Oleiros en Galicia, y nueve parroquias en Oleiros, en este privilegiado Oleiros hay también nueve playas: las que se extienden desde la ría del Burgo, bordean la ribera derecha de la ría coruñesa y doblan el Seixo Branco para ofrecer también su fina arena en donde la ría de Sada abre su seno. Así, se suceden las de Santa Cristina -una que mira al remanso del Burgo, y otra que se entrega al mar-, Bastiagueiro, Bastiagueiro Chico, Santa Cruz, Naval, Mera, Canabal y Lorbé (Lorbé, de los mejillones más exquisitos de todas las mariñas del mundo). Playas de extensión varia, de diversa orientación y

de distinta arena; todas placer de la mirada y gozo de agua, de sol y de voluptuosidad.

Todo lo reúne Oleiros para el solaz y el regalo del hombre, y por reunirlo todo, sus bellezas fueron musa de escritores y artistas. Mera, a lo largo de muchos estíos, inspiró el alma sensitiva de la poetisa Sofía Casanova; Lón-gora, con su pazo entre eucaliptos y pinos y su aire de romántica melancolía, sugirió evocadoras páginas a la escritora Fanny Garrido (“Eulalia de Liáns”) y poetizó el lirismo temperamental de su esposo, el músico Marcial del Adalid, en cuyas baladas alienta, armonizado, el rumor pastoral de la floresta, de los pájaros y de la espuma que se amansa en las arenas de Bastiagueiro.

Las playas, las brañas y los valles pintados por Francisco Lloréns, y la sencilla humanidad campesina recreada por Fernando Alvarez de Sotomayor en su taller de Lamas-telle son hoy Oleiros redivivo en museos y colecciones de Europa y América.

Oleiros, con su tierra, su mar, su cielo y su familia es un pueblo que concierta todas las excelencias del tipismo, del bienestar y de la permanencia. Y, más que todo ello, es una bendición del Creador. Yo lo veo, con sus nuevas parroquias, igual que a la Virgen de las Cuevas de Zurbarán: Santa María de Oleiros con los brazos abiertos, el manto hecho dosel por los ángeles, y el Espíritu Santo en lo alto, y arrodillados en torno Santa María de Dexo, Santa Leocadia, Santa Eulalia, San Martín, San Cosme, San Julián, San Pedro y San Jorge.

Una bendición de Dios.- Mariano ARAUJO

ARAUJO, Mariano [Pseudónimo de José Luis Bugallal Marchesi] “Oleiros: una bendición de Dios”. En: ABC 27/07/1971

Outra faceta de interese da súa traxectoria está na amizade con personaxes que coma el mesmo veranean en Oleiros. Estes son Fernando Álvarez de Sotomayor e Sofía Casanova pois ambos os dous coinciden no concello. O primeiro en Lamastelle e a segunda en Mera. Bugallal dedica a Sotomayor unha reportaxe en *ABC* titulada, *Sotomayor en Galicia* e nela refire unha breve biografía do pintor, a súa vinculación con Galicia e a emoción do propio Bugallal que no verán de 1920, con apenas 21 anos, tira as fotografías que lle van servir moitos anos despois, o cinco de abril de 1960, para a súa reportaxe no xornal madrileño. Á outra protagonista a quen dedica un estudo é *Sofía Casanova. Un siglo de glorias y dolores* que edita a Imprenta Roel da Coruña en 1964. Aquí sobresa a admiración pola periodista pioneira e tamén correspondente do mesmo xornal madrileño. Bugallal amosa a súa amizade e homenaxe a unha figura feminina

esquecida e dá a coñecer moitas das cartas que entre eles intercambiaron.

José Luis Bugallal mantén con Oleiros e coas parroquias de Montrove e Nós non só afectos profesionais, senón vitais e familiares desde o seu nacemento. Por vía materna, os Marchesi marcan en Oleiros un senlleiro estilo de casa ou vila para o veraneo do que chegan a gozar as familias da alta burguesía que escollen o noso concello para o descanso



José Luis xogando coa súa nai en villa Isabel

estival. Así a familia materna, liñaxe dos Marchesi, encarga ao arquitecto Luis Bellido tres quintas que son villa Isabel en 1901, villa Galicia en 1902 e villa Marchesi en 1903 e ao paisaxista Édouard André os xardíns desta última. Esta arquitectura de gusto medievalizante e pintoresco vaise converter en símbolo do poder político, social e económico da sociedade coruñesa durante o primeiro terzo do século XX.

José Luis Bugallal y Marchesi morre o 26 de decembro de 1989. Ao longo da súa lonxeva vida combinou o periodismo deportivo coa creación literaria, a crítica de arte e numerosas recensións sobre Galicia que lle valeron multitude de recoñecementos e premios como os da Deputación da Coruña, o Pérez Lugín, Medalla ao Mérito Deportivo, a condecoración da Orde de Afonso X, O Sabio e un longo etcétera. Así mesmo formou parte das máis prestixiosas institucións culturais como a Real Academia Galega, cuxo

discurso de ingreso foi *El sentimiento lírico materno en la pintura de Ovidio Murguía*, a de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, correspondente da de San Fernando, e ademais do *Instituto Portugués de Arqueología, Historia e Etnografía*.

A obra de Bugallal Marchesi mantense ao longo dos anos nunha extraordinaria



José Luis Bugallal Marchesi

combinación de periodista deportivo popular e de importante seguimento coa dun periodismo de raíz local e de traxectoria cultural.

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- ARAUJO, Mariano [Pseudónimo de José Luis Bugallal Marchesi] **“Oleiros: una bendición de Dios”**. En: *ABC* 27/07/1971 [en liña][Consulta:10/03/2015].
Dispoñible en:
<http://hemeroteca.abc.es/nav/Navigate.exe/hemeroteca/madrid/abc/1971/07/27/039.html>
- BUGALLAL y MARCHESI, José Luis. **Cónclave en San Pedro de Nós: cuento de cuentos y de historias seguido de otras historias y otros cuentos**. Sada (A Coruña): Edicións do Castro, 1984
- **“Calle José Luis Bugallal Marchesi”**. En: *La Opinión Coruña* 04/08/2009 [en liña][Consulta:10/03/2015]. Dispoñible en: <http://blogs.laopinioncoruna.es/callejero/>
- **“Concesión de condecoraciones: Orden de Alfonso X El Sabio, Don José Luis Bugallal Marchesi”**. En: *ABC* 19/07/1964 [en liña] [Consulta: 09/02/2015].
Dispoñible en:
<http://hemeroteca.abc.es/nav/Navigate.exe/hemeroteca/madrid/abc/1964/07/19/062.html>
- **“Don José Luis Bugallal, Premio Pérez Lugín”**. En: *ABC* 14/09/1954 [en liña] [Consulta: 09/02/2015]. URL: <http://hemeroteca.abc.es/>
- **“Don José Luis Bugallal Marchesi [...] ha ganado hoy el premio de artículos periodísticos convocado por el vecino Ayuntamiento de Oleiros”**. En: *ABC* 11/08/1971 [en liña] [Consulta:10/03/2015]. Dispoñible en:
<http://hemeroteca.abc.es/nav/Navigate.exe/hemeroteca/madrid/abc/1971/08/11/032.html>

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- **Enciclopedia Galega Universal**. Vigo: Ir Indo, 1999. T. 4, páx. 89
- **“Entrega del Premio de Periodismo de la Diputación coruñesa”**. En: *ABC* 05/10/1975 [en liña][Consulta:10/03/2015]. Disponible en:
<http://hemeroteca.abc.es/nav/Navigate.exe/hemeroteca/madrid/abc/1975/10/05/027.html>
- **“Fondo Bugallal y Marchesi, J.L: historia institucional”**. En: *Arquivo Municipal da Coruña* [en liña]. [Consulta: 09/02/2015]. Disponible en:
<http://albala.arquivodegalicia.xunta.es/>
- GALLEGO MORELL, Antonio. **“La novela y el cuento en el deporte [El coloso de Rande de José Luis Bugallal Marchesi]”**. En: *ABC* 01/05/1982 [en liña]
[Consulta:10/03/2015]. Disponible en:
<http://hemeroteca.abc.es/nav/Navigate.exe/hemeroteca/madrid/abc/1982/05/01/043.html>
<http://hemeroteca.abc.es/nav/Navigate.exe/hemeroteca/madrid/abc/1982/05/01/044.html>
<http://hemeroteca.abc.es/nav/Navigate.exe/hemeroteca/madrid/abc/1982/05/01/045.html>
- **Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada**. Lugo: El Progreso / Diario de Pontevedra, D.L. 2003. T. 6, páx. 15
- **“José Luis Bugallal Marchesi”**. En: *Wikipedia* [en liña][Consulta: 04/02/2015].
Disponible en: <http://gl.wikipedia.org>

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- **“Libros nuevos: Bugallal y Marchesi, José Luis La pintura militar de Victor Morelli”**. En: *ABC* 19/01/1973 [en liña] [Consulta:10/03/2015]. Disponible en: <http://hemeroteca.abc.es/nav/Navigate.exe/hemeroteca/madrid/abc/1973/01/19/052.html>
- **“Libros nuevos: Bugallal y Marchesi, José Luis Sofía Casanova”**. En: *ABC* 16/09/1965 [en liña] [Consulta: 09/02/2015]. Disponible en: <http://hemeroteca.abc.es/nav/Navigate.exe/hemeroteca/madrid/abc/1965/09/16/059.html>
- MILLARES, E. **“Mansiones en venta”**. En: *El Comarcal*, novembro 2014, páx. 20-21. [A Coruña]: La Voz de Galicia, 2012
- **“Necrológicas: Adela Vela Rojo”**. En: *ABC* 10/07/2002 [en liña][Consulta:10/03/2015]. Disponible en: <http://hemeroteca.abc.es/nav/Navigate.exe/hemeroteca/madrid/abc/2002/07/10/080.html>
- **“Necrológicas: José Luis Bugallal y Marchesi”**. En: *ABC* 28/12/1989 [en liña] [Consulta:10/03/2015]. Disponible en: <http://hemeroteca.abc.es/nav/Navigate.exe/hemeroteca/madrid/abc/1989/12/28/044.html>
- **“O engado modernista da Casa do Vilar”**. En: *Vivir en Oleiros. Nº 6*, novembro 1999 [en liña][Consulta:10/03/2015]. Disponible en: <http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/comunicacion/vivir-en-oleiros>

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- **“Premio Diputación Provincial de La Coruña de Periodismo”**. En: *ABC* 16/10/1975 [en liña][Consulta:10/03/2015]. Disponible en: <http://hemeroteca.abc.es/>
- **“Premio Pérez Lugín XIV edición 1954: José Luis Bugallal Marchesi: mesa redonda”**. En: *70 años del Premio Pérez Lugín*. A Coruña: Asociación de la Prensa de La Coruña, D.L. 2010, páx. 105-109. Disponible en: <http://www.apcoruna.com/>
- **“Premio periodístico a Don José Luis Bugallal”**. En: *ABC* 16/12/1970 [en liña] [Consulta:10/03/2015]. Disponible en: <http://hemeroteca.abc.es/nav/Navigate.exe/hemeroteca/madrid/abc/1970/12/16/070.html>
- **“Premio Periodístico Alejandro Pérez Lugín”**. En: *Asociación de la Prensa de La Coruña* [en liña][Consulta: 23/01/2015]. Disponible en: <http://www.apcoruna.com/premios/prezlugn/>
- SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel. **“Entre la persistencia de lo autóctono y la seducción por lo foráneo. Espacios residenciales en Galicia en los siglos XIX y XX”**. En: *Universitat de Barcelona* [en liña] [Consulta:10/03/2015]. Disponible en: <http://www.ub.edu/gracmon/capapers/Sanchez%20Garcia.pdf>.
- SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel. **“Diseño do paisaxista Edouard André: xardín de Villa Marchesi”**. En: *Xardíns das Mariñas*. A Coruña: Fundación Juana de Vega, 2008. Páx. 85

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- VILLAR, M. “*Una mansión de película en Nós*”. En: *La Opinión Coruña* 18/05/2010 [en liña] [Consulta: 10/03/2015]. Disponible en: <http://www.laopinioncoruna.es/>
- VILLAR, M. “*La mansión Isabel se alquila*”. En: *La Opinión Coruña* 31/08/2010 [en liña][Consulta: 10/03/2015]. Disponible en: <http://www.laopinioncoruna.es/>





Roteiro
cultural e
literario
2015

Santiago Casares Quiroga



Nado en Coruña o 23 de outubro de 1884. Exerceu diferentes cargos ministeriais durante o mandato de Manuel Azaña, entre eles Primeiro Ministro en xullo de 1936.

Exiliado a París, e more ali en 1950, á idade de 66 anos.

Fernando Álvarez de Sotomayor

Nace en 1875 e morre en 1960. Conségrase como o pintor de temática costumista galega e retratista oficial da Corte de Afonso XIII e máis tarde do franquismo.

Foi Director do Museo do Prado desde 1936 a 1960 e recibiu toda clase de homenaxes e condecoracións pola súa traxectoria artística e de afinidade co réxime.




José Luis Bugallal Marchesi

Nado na Coruña en 1899. A súa familia dedicábase ao xornalismo. Foi periodista en varios diarios, pero sobre todo en "El Ideal Gallego". Era membro da Real Academia Galega e da Real Academia de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario e de San Fernando.

Morreu en 1989.



David Bergondo
Guillermo Iglesias
Juan Manuel Lorenzo
Javier Rey
Xoel Sixto





Bibliotecas Públicas Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

■ Biblioteca Central Rialeda:
Avda. Rosalía de Castro, 227A
15172 Perillo - Oleiros
Telf.: 981 639 511- Fax: 981 639 996
biblioteca.rialeda@oleiros.org

CATÁLOGO DO FONDO BIBLIOGRÁFICO ▼

<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog:
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en twitter @ bibloleiros



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

www.oleiros.org

Agradecementos:

Queremos expresar o noso agradecemento ás persoas que cederon fotografías para a súa utilización nesta publicación e ás que permitiron fotografar os distintos edificios.





Concello de Oleiros
Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

IES Miraflores



oleiroslingua